

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA DIFUNDIR, ESTUDAR E PRESERVAR A OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO

En Santiago de Compostela

REUNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Don Anxo Angueira Viturro, presidente da Fundación Rosalía de Castro, con CIF número G-15040850 e domicilio social na Casa Museo de Rosalía, A Matanza, Padrón (A Coruña), que actúa no seu nome e representación en virtude do artigo 17 dos estatutos fundacionais.

EXPOÑEN

Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral



de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego, o libro e a literatura galegas, así como promover a docencia e a investigación sobre lingua e literatura galegas. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador. Concretamente unha destas entidades é a Fundación Rosalía de Castro que ten como obxectivo principal fomentar, manter e divulgar a vida e obra de Rosalía de Castro. Unha das principais razóns de ser desta fundación é estudar e proxectar a obra rosaliana ao mundo e, para iso, realiza labores de investigación e estudos, publica obras relacionadas coa vida e obra da autora e, fai difusión a través de todos os medios propios (web, publicacións, redes sociais...) e alleos (medios de comunicación fundamentalmente).

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Rosalía de Castro, dende o ano 2000 veñen colaborando, mediante a sinatura de convenios de colaboración, na realización de diversas actividades arredor da vida e obra de Rosalía de Castro, que recolle as investigacións que se realizaron sobre a escritora. Con posterioridade, incluíron nesta colaboración a realización de labores de estudo, investigación e divulgación da súa obra.



Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao amparo do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Rosalía de Castro, referente único e exclusivo en Galicia sobre a escritora e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Rosalía de Castro, que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua galega, manifestan a súa vontade de continuar coa súa colaboración, xa que a consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galega as actividades que desenvolve esta entidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un novo convenio de colaboración para o ano 2023, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Rosalía de Castro para colaborar na actualización do pensamento e memoria da escritora, así como no estudo e divulgación da súa obra.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a coñecer con rigor intelectual a súa figura, produción e publicacións e continuar cos labores de recompilación da súa obra para completar a biblioteca e o arquivo rosaliano de xeito que poda ser consultada polos investigadores e estudiosos desta ilustre representante da literatura galega.

Segunda.- Obrigas da Fundación Rosalía de Castro

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Rosalía de Castro comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:



- **Día de Rosalía:** organización de actos en Padrón e en Santiago de Compostela. E tamén, en moitos outros lugares do país. Con Caldo de Gloria e a Alborada de Rosalía
- **Día das Letras Galegas:** con motivo do aniversario da publicación "Cantares gallegos", o 17 de maio, a fundación organiza diversas actividades no mes de maio.
- **Inchadiña Branca Vela:** homenaxe das xentes do mar a Rosalía, cunha subida en embarcacións tradicionais (fundamentalmente dornas) polo Ulla e polo Sar, dende Valga ata Padrón.

Outras accións de proxección e difusión da obra rosaliana:

- Continuar cos traballos de recompilación de obras, de textos inéditos e poemas de Rosalía de Castro, así como dos estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra e aqueloutros que sexan necesarios para publicar e divulgar a obra rosaliana.
- Actualización e mantemento da páxina web, perfil de Facebook, Twitter, Instagram e You Tube.
- Ampliación e mantemento da Biblioteca Rosaliana
- Envío gratuito de lotes de libros aos centros culturais, asociacións, colexios.....

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A Fundación encargarse, de levar a cabo todos os traballos de recompilación de obras, textos inéditos e poemas de Rosalía de Castro, estudos e traballos de investigación sobre a súa vida e obra e aqueloutros que sexan necesarios para publicar e divulgar a obra rosaliana.

A Fundación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.



O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Terceira.- Fondos documentais da Fundación Rosalía

Por mutuo acordo das partes asinantes, os fondos documentais da Fundación Rosalía que pasen a constituír a biblioteca e arquivo rosaliano poderán ser accesibles para os estudosos e investigadores da obra rosaliana de maneira gratuita, e en todo caso, baixo a responsabilidade da fundación sobre os dereitos de propiedade intelectual que poidan derivarse do acceso aos citados fondos documentais.

Cuarta.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **26.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- . A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade de **25.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 10.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.
- . A Fundación achegará a cantidade restante de **1.000,00 €** para a realización das actividades previstas.

Así mesmo a fundación, asumirá os gastos de funcionamento da Fundación Rosalía de Castro que se lle orixinen como consecuencia da realización das actividades do convenio e que se refiran aos fondos bibliográficos, estudos e traballos de



investigación sobre a obra rosaliana, os pagamentos do persoal e calquera outro que sexa necesario par ao bo desenvolvemento dos proxectos.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Fundación presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2023, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Certificación da relación dos envíos gratuítos de lotes de libros que a fundación envía aos centros culturais, asociacións, colexios..... Nesta relación deberá constar: os títulos dos libros, o seu custo e as entidades destinatarias.
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art.38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

. No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao



abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima.- Utilización da Lingua galega



Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.



Décima.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Rosalía. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo cuarta.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando



cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se



aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

O presidente da Fundación Rosalía de Castro

Anxo Angueira Viturro

